



RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

ASUNTO: nomeamento de funcionaria interina administrativa por acumulación de tarefas.

EXPEDIENTE ORIXE: 2023/G003/000217 **EXPEDIENTE:** 2023/E005/000007

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe-proposta da Xerencia do 19.05.2023 co seguinte teor literal:

<<[...] De conformidade co disposto no artigo 16 dos estatutos reguladores do Consorcio, emítese o seguinte informe-proposta:

Con data 10.05.2023 asinouse pola Presidencia do Consorcio, a proposta da Xerencia, a seguinte solicitude:

<<(…) No Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, entidade adscrita á Deputación Provincial de A Coruña, actualmente existen no cadro de persoal nove prazas en administración (xerente, secretaria interventora, técnico de administración xeral, oficial, suboficial, administrativa contable, administrativa de recursos humanos, sarxento e auxiliar administrativa).

No cadro de persoal seguen vacantes en tanto non se realicen os correspondentes procesos de selección, as prazas de oficial, sarxento, administrativo e técnico de administración xeral. Está previsto que estes procedementos se inicien de xeito inmediato, dentro do posible, tendo en conta a forte carga de traballo actual. Non obstante, mentres non se realizan as coberturas correspondentes, resulta necesaria a incorporación dun/dunha administrativo/a máis.

Na actualidade, está vixente unha bolsa de emprego de administrativos/as para a provisión de prazas de funcionario ou persoal laboral aprobada no decreto 363/2022 con data 21.11.2022

Temos constancia da próxima renuncia da administrativa contratada por acumulación de tarefas para a xestión de tarefas vinculadas á liquidación de taxas. Tendo en conta isto pódense derivar atrasos nas actividades desenvolvidas ao abeiro do Plan de Acción aprobado en sesión plenaria do 21.10.2021. Resultando necesaria a incorporación dun/ha administrativo/a por acumulación de tarefas para o cumprimento dos prazos establecidos no mencionado Plan de Acción no relativo as liquidacións tributarias.

Para este novo nomeamento tomarase en consideración o Real Decreto-Ley 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e a consecuente modificación do artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Ley do estatuto básico do empregado público, no que se establece un novo prazo para os nomeamentos derivados de acumulacións de tarefas, pasando a ser 9 meses nun período de 18 meses.

En canto ao cumprimento do establecido no artigo 121 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; deberá remitirse solicitude dirixida ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña, como ente ao que se atopa adscrito este Consorcio para que, en cumprimento do mencionado artigo, se proceda á adscrición de persoal da Deputación para o desempeño de funcións administrativas neste Consorcio.

Por todo o exposto, SOLICÍTASE:

A adscrición dun empregado/a desa Deputación para o desempeño das funcións de administrativo/a neste Consorcio:

1. Durante un período máximo de nove (9) meses por acumulación de tarefas para o cumprimento dos prazos establecidos no Plan de Acción no relativo á facturación.

Noutro caso, de non ser posible, se autorice a este Consorcio para a contratación directa de persoal a través da bolsa de emprego de administrativos/as actualmente en vigor, para o exercicio das mencionadas funcións.(…)>>

Como consecuencia do anterior con data 12.05.2023, e rexistro de entrada nº 20239000000122 recibíuse contestación á solicitude formulada, co seguinte contido:

<<(…) En relación co seu escrito de data 10 de maio de 2023, comunícolle que non é posible contar con persoal procedente da Deputación e consecuentemente, e de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, autorízase ao Consorcio para o nomeamento dun empregado/a



para realizar funcións de administrativo con carácter de interinidade polo período máximo de 9 meses por acumulación de tarefas a través da bolsa de emprego de administrativos actualmente en vigor. (...)>>

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 311/2020, de data 31.12. 2020, aprobáronse as bases e convocatoria para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, mediante o sistema de concurso oposición libre.

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 363/2022 de data 21.11.2022 aprobouse a formación da bolsa de emprego para provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, con todos os aspirantes que superaron o exercicio da fase de oposición, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo , considerando que se trata de unha necesidade para garantir o funcionamento do único servizo que este Consorcio ten encomendado, e por tanto esencial e prioritario; considerase necesaria a contratación de dous funcionarios administrativos interinos conforme ao establecido nas bases reguladoras da bolsa de emprego,

Como consecuencia do anterior esta Presidencia, considerando que se trata de unha necesidade para garantir o funcionamento do único servizo que este Consorcio ten encomendado, e por tanto esencial e prioritario; considera necesaria a contratación conforme ao establecido nas bases reguladoras da bolsa de emprego.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico entre o día 15.05.2023 e o día 16.05.2023, e ca prelación establecida, prodúcese as renuncias dos seguintes integrantes da bolsa:

APellidos e Nome	NÚMERO DE REXISTRO	DATA
ABELENDA BARREIRO, YOLANDA	202399900000231	15.05.2023
VILANOVA AÑÓN, CRISTINA	202399900000229	15.05.2023
FIGUEIRAS MALLO ALBA	202399900000243	16.05.2023
SANCHEZ FERNANDEZ ALMUDENA	202399900000239	16.05.2023
LORENZO PAZOS, BERTA	202399900000242	16.05.2023
GARCIA SANCHEZ-BALGOMA PILAR	202399900000235	16.04.2023
MENDEZ GALLART MARIA CRISTINA	202399900000244	16.05.2023
ASTRAY VIQUEIRA NATALIA	202399900000237	16.05.2023
REIGOSA LOMBAO AGOSTIÑO	202399900000238	16.05.2023
PALLAS ALDAO SARA	202399900000240	16.05.2023
SOTO VIVERO JESUS MANUEL	202399900000249	19.05.2023
OSINDE VÁZQUEZ MÓNICA	202399900000232	16.05.2023

Non se efectúa o chamamento ao integrante la listaxe Daniel Gómez Bolón por ter realizado unha acumulación de tarefas con anterioridade no Consorcio, e non poder ofrecer este nomeamento para non incumplir o artigo 10.1.d do Estatuto básico do empregado público.

Con data 14.04.2023 procédese ao chamamento da seguinte persoa da lista que conforma a bolsa de traballo, Retortillo Novo, Laura que manifestou a súa aceptación co número de rexistro 202399900000247 con data 18.05.2023

Unha vez presentada en tempo e forma a documentación requirida na base 14 das reguladoras da bolsa, procede a súa contratación como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de nove meses.



De acordo coa mencionada proposta, examinado o expediente, e ao abeiro do disposto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente propónse á Presidencia a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO.- Nomear a Dona LAURA RETORTILLO NOVO con DNI 47360699-L como funcionaria administrativa interina por acumulación de tarefas durante un período máximo de nove meses, en consecuencia formalizar, no prazo de tres días hábiles dende a presentación da documentación á que fai referencia a base 14 das reguladoras da bolsa de emprego, o nomeamento mediante toma de posesión como funcionaria interina segundo o regulado no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ata a provisión da praza de forma definitiva e en réxime de dedicación a tempo completo.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o crédito necesario para o seu nomeamento, incluíndo salario e seguridade social, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

TERCEIRO.- Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

CUARTO.- Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría Intervención, e nóminas. [...]>>

De acordo coa mencionada proposta, examinado o expediente, e ao abeiro do disposto no 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.

SEGUNDO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria Interventora,
Asdo.: M^aGraciela Riveiro Moreira